

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal contén palabras non galegas?

- A) Anel, cuadra, cuartel, réptil, xanela, camiño, ponte, soto.
- B) Anel, cadra, cuartel, réptil, xanela, camiño, ponte, soto.
- C) Anel, cuadra, cuartel, reptil, xanela, camiño, ponte, soto.
- D) Anel, cuadra, cuartel, réptil, xanela, camiño, puente, soto.

2. Cal é a correcta?

- A) Deberá ir en axunas á proba do día 14 de xullo.
- B) Deberá ir en xaxún á proba do día 14 de xullo.
- C) Deberá ir en axunas á proba do día 14 de xulio.
- D) Deberá ir en axunas á prueba do día 14 de xullo.

3. Está correcta?

- A) Teñennos que facer unha analítica do sangue e debemos ir en xaxún e coa mostra de ouriños de primeira hora da mañá.
- B) Téñennos que facer unha analítica da sangue e debemos ir en xaxún e coa mostra de ourina de primeira hora da mañá.
- C) Téñennos que facer unha analítica do sangue e debemos ir en xaxún e coa mostra de ourina de primeira hora da mañá.
- D) Tenennos que facer unha analítica do sangue e debemos ir en xaxún e coa mostra de ouriños de primeira hora da mañá.

4. Cal está correcta?

- A) A construción dese edificio é lenta e ademais tenen que traer equipos industriais do estranxeiro. Non sei cando o imos a abrir.
- B) A construción dese edificio é lenta e ademais teñen que traer equipos industriales do estranxeiro. Non sei cando o imos a abrir.
- C) A construción dese edificio é lenta e ademais teñen que traer equipos industriais do estranxeiro. Non sei cando o imos a abrir.
- D) A construción dese edificio é lenta e ademais teñen que traer equipos industriais do estranlleiro. Non sei cando o imos a abrir.

5. Que frase non ten fallos?

- A) A pensión de viuvez é determinante neste caso para saber se necesita axuda da nosa traballadora social.
- B) A pensión de viudedade é determinante neste caso para saber se necesita axuda da nosa traballadora social.
- C) A pensión de viuvez e determinante neste caso para saber se necesita axuda da nosa traballadora social.
- D) A pensión de viudedade e determinante neste caso para saber se necesita axuda da nosa traballadora social.

6. Cal é a frase correctamente escrita?

- A) En que pranta está ingresada a miña cuñada?
- B) En que planta está ingresada miña cuñada?
- C) En que planta está ingresada a miña cunada?
- D) En que planta está ingresado a miña cuñada?

7. Que significa xeonllo?

- A) É sinónimo de ferverza.
- B) Enfermidade da pel.
- C) Parte externa da articulación do fémur coa tibia.
- D) Un instrumento médico.

8. Está correctamente escrita?

- A) Hai unha ferverza de informes e temos que velos todos antes de falar cos irmáns da viuda.
- B) Hai unha ferverza de informes e temos que velos todos antes de falar cos irmáns da viúva.
- C) Hai unha ferverza de informes e tenemos que velos todos antes de falar cos irmáns da viúva.
- D) Hai unha cascada de informes e temos que velos todos antes de falar cos irmáns da viúva.

9. Cal destas palabras significa proliferación de algo non desexado?

- A) Culler
- B) Anel
- C) Ferverza
- D) Andazo

10. Cal NON está escrita correctamente?

- A) Esta embarazada está fóra de contas.
- B) A viúva do meu pai non é a miña nai.
- C) Hai que facer unha análise de sangue.
- D) Os meus irmáns non foron nunca ao médico.

Preguntas de reserva

1. Cal ten as palabras correctamente escritas?

- A) Rodilla, camilla, nocello, xaxún
- B) Xeonllo, padiola, tobillo, xaxún
- C) Xeonllo, padiola, nocello, xaxún
- D) Xeonllo, padiola, nocello, ayuno

2. Cal ten o xénero ben posto?

- A) Unha sobreira, unha ponte, o sangue, unha viaxe.
- B) Un sobreiro, unha ponte, o sangue, unha viaxe.
- C) Unha sobreira, un ponte, o sangue, unha viaxe.
- D) Unha sobreira, unha ponte, a sangue, unha viaxe.